



Confraría de San Cibrao (Cervo)

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE CELEIRO-LUGO, POLA QUE SE CONCEDE A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE PERCEBE DA CONFRARÍA DE SAN CIBRAO (CERVO).

Asunto: permiso de explotación

Procedemento: renovación do permiso

Antecedentes

1. Por Resolución do 2 de setembro de 2022 da Xefatura Territorial de Celeiro-Lugo abriuse o prazo para a presentación de solicitudes para a renovación dos permisos de explotación a pé modalidade de Percebe no ámbito da Confraría de San Cibrao (Cervo).
2. Dentro do prazo establecido, as/os mariscadoras/es que se relacionan no Anexo I presentaron solicitudes para a renovación do permiso de explotación para o marisqueo a pé.

Consideracións legais e técnicas

1. Esta xefatura territorial ten competencia para resolver este procedemento segundo o establecido na Lei 11/2008, de 3 decembro, de Pesca de Galicia modificada, no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira modificado e a Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
2. Nas solicitudes formuladas apréciase a concorrencia dos requisitos necesarios para a renovación, establecidos na Orde do 30 de decembro de 2015, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro.
3. As persoas ás que lles corresponde a renovación, xunto coa solicitude, achegaron a documentación sinalada na Orde anteriormente citada.
4. Unha vez estudados os expedientes e as solicitudes formuladas, compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos para a renovación do permiso de explotación.

Vistos os antecedentes, as consideracións legais e técnicas, e de acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,





RESOLVE

Conceder a renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé na modalidade de **Percebe** asociados á **Confraría de San Cibrao (Cervo)** que aparecen relacionados no Anexo I desta resolución e coa vixencia que nel se determina.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun (1) mes un recurso de alzada ante a conselleira do Mar contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Esta resolución notifícaselle ás/aos mariscadoras/es relacionadas no Anexo I consonte o artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Documento asinado á marxe





ANEXO I

Relación de mariscadores que renovaron o permiso de explotación a pé na modalidade de Percebe na Confraría de San Cibrao (Cervo):

Solicitante	NIF/CIF	Permiso Tipo	Concesión Validez	SINATURA
BEN MIGUEZ AURORA	****3995P	27C0500001Z9 Percebe	16/12/1994 31/12/2023	
CASABELLA RODRÍGUEZ DOSITEO	****9725K	27C0500015Z9 Percebe	14/11/1996 31/12/2023	
FREIRE GINZO CESAR	****6770X	27C0500107Z9 Percebe	02/03/2016 31/12/2023	
ÁLVAREZ BASANTA JOSÉ ANTONIO	****6066C	27C0500014Z9 Percebe	14/11/1996 31/12/2023	

